



O presente documento estará  
exposto no Taboeiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 27/3/2026  
ata a día 17/3/2026  
O XEFE DA UNIDADE  
SECRETARÍA E VIXIANCIA

**DECRETO**

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por acordo da Xunta de Goberno do 31.10.2025, apróbase a convocatoria e as bases específicas para a elaboración dunha listaxe de emprego de TRABALLADOR/A SOCIAL, para prestar servizos de carácter temporal na Deputación de Lugo (BOP núm. 260, do 12.11.2025).

As bases xerais que rexen a convocatoria son as que establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), publicadas no BOP núm. 260, do 12.11.2025.

As cualificacións finais definitivas e a proposta do Tribunal coa orde da listaxe, publicouse na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade o 26.03.2026.

Á vista do resultado do proceso selectivo, o Tribunal formula proposta ante a presidencia da entidade para que aprobe a elaboración da listaxe de emprego temporal de TRABALLADOR/A SOCIAL da Deputación Provincial de Lugo, segundo os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos con carácter temporal na dita entidade.

Á vista do sinalado proponse á presidencia que, de conformidade co artigo 7 do RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedementos de selección do persoal funcionario da Administración Local, e co establecido no punto 10 e 11 das bases xerais que rexen esta convocatoria e, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, RESOLVA:

1º.- Dar por rematado o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal de TRABALLADOR/A SOCIAL, grupo A – subgrupo A2, aprobando a inclusión das persoas propostas polo Tribunal que a continuación se sinalan:

Nº ORDE	APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN
1	ARIJA TEJERO, LAURA	33,1875
2	GARCÍA LOUREIRO, JENNIFER	28,3750
3	ÁLVAREZ OTERO, CRISTINA	27,1250
4	GARCÍA LÓPEZ, EMMA	24,1875

	IV7R4KJ534N3VDNLAEGBF5KPEM	Fecha y Hora	27/03/2026 14:30:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KJ534N3VDNLAEGBF5KPEM	Página	1/2



2º.- Ordenar que a incorporación de efectivos se realice conforme aos criterios que rexen a incorporación de persoal para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo, de acordo co sinalado na resolución da presidencia vixente no momento da súa publicación.

3º.- Esta listaxe terá efectividade dende o día seguinte á publicación da presente resolución na web corporativa da Deputación de Lugo”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

**A PRESIDENTA,**  
P.D. Decreto de data 14-01-2026  
**O DEPUTADO PROVINCIAL,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: Pablo Rivera Capón

	IV7R4KJ534N3VDNLAEGBF5KPEM	Fecha y Hora	27/03/2026 14:30:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KJ534N3VDNLAEGBF5KPEM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KJ534N3VDNLAEGBF5KPEM</a>	Página	2/2

